

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MALPICA DE BERGANTIÑOS

##### Secretaría

*Concellarías delegadas e nomeamento de concelleiros/as delegados/as, mandato 2023-2027*

##### ANUNCIO

##### CONCELLARÍAS DELEGADAS E NOMEAMENTO DE CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, MANDATO 2023-2027

En cumprimento do preceptuado polo art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 399/2023, do 4 de xullo de 2023, pola que se procede a efectuar o nomeamento e delegacións nos/dos Sres./Sras concelleiros/as delegados/as do Concello de Malpica de Bergantiños, sendo esta do seguinte tenor literal:

##### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONCELLARÍAS DELEGADAS E NOMEAMENTO DE CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, MANDATO 2023-2027

**EXPEDIENTE:** 2023/X999/000204

Vistos os arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os arts. 59 e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os arts. 43, 44, 114 a 118, 120 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

##### RESOLVO:

**Primeiro:** Efectuar a seguinte delegación xenérica, respecto das áreas ou materias que se especifican a continuación no concelleiro membro da Xunta de Goberno Local, Sr. Cañizo Garrido:

Áreas/materias de: servizos, turismo e festexos.

Concellaría delegada de Servizos, Turismo e Festexos: D. ALFREDO CAÑIZO GARRIDO.

Ámbito que abranguen as citadas delegacións:

A citada delegación abarcará o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, e se entende feita sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Concreción das seguintes materias/áreas correspondentes á Concellaría delegada de Servizos, Turismo e Festexos:

1.- Servizos comprende: alumeado público, recollida de residuos e tratamento, limpeza viaria, rede de sumidoiros, parques públicos, acceso a núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

2.- Festexos comprende: verbenas e festas populares, incluíndo tanto os eventos organizados polo concello como os organizados por terceiros; espectáculos musicais, tanto os organizados polo concello como os organizados por terceiros e as festas declaradas de interese turístico, Mostra de Olería e Romaría de Santo Hadrián.

Para a xestión da súas atribucións o concelleiro delegado poderá ditar providencias, propostas de acordo e resolucións, incluído actos administrativos que afecten a terceiros, nos termos que figuran a continuación para as distintas materias/áreas antes xa concretadas:

##### Servizos

- Tramitación de contratación menor administrativa, excluídos os contratos menores de obras.
- Fases de gasto: Autorización, disposición e recoñecemento da obriga.

##### Turismo

- Tramitación de contratación menor administrativa, excluídos os contratos menores de obras.
- Fases de gasto: Autorización, disposición e recoñecemento da obriga.

**Festexos**

- Tramitación de contratación menor administrativa, excluídos os contratos menores de obras.
- Tramitación de contratos privados menores de creación e interpretación artística e literaria e os de espectáculos con número de referencia CPV de 92000000-1 a 92700000-8, excepto 92230000-2, 92231000-9 e 922322000-6.
- Fases de gasto: Autorización, disposición e recoñecemento da obriga.
- Actos de trámite e resolución nos procedementos de control administrativo das festas, verbenas populares e espectáculos musicais organizados por terceiros.
- Actos de trámite e resolución que deban adoptarse con ocasión da organización polo concello de festas, verbenas populares e espectáculos musicais.
- Nas citadas facultades/atribucións se inclúen os actos e as actuacións a realizar con ocasión da Mostra de Olería e Romaría de Santo Hadrián.

**Subvencións convocadas/outorgadas por terceiros no ámbito das áreas/materias delegadas que teñan por obxecto o financiamento de bens e servizos correntes.**

- Os actos/actuacións previas á solicitude, a mesma solicitude e os actos de trámite e resolución dos expedientes ata a total xustificación das subvencións.

Esta alcaldía conservará as seguintes facultades en relación coas referidas competencias delegadas:

- A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións emanados en virtude da delegación.
- A de ser informado previamente á adopción de decisións de transcendencia.
- Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, correspondendo, en consecuencia, a este a resolución dos recursos de reposición e extraordinarios de revisión que poidan interpoñerse.

Outras cuestións do réxime xurídico destas competencias delegadas:

- Os actos ditados polo órgano delegado no exercicio das atribucións delegadas enténdense ditados polo órgano delegante, en consecuencia, as resolucións administrativas que se adopten no exercicio desta delegación, indicarán esta circunstancia.
- No referente á delegación das fases de gasto (autorización, disposición e recoñecemento da obriga), esta producirá efectos unha vez estea/sexo recollida nas correspondentes bases de execución do orzamento, de conformidade co establecido no art. 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio desta delegación.

**Segundo:** Efectuar as seguintes delegacións xenéricas, respecto das áreas ou materias que se especifican, nos/nas Sres./Sras. Concelleiros/as, todos e todas membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se sinalan:

Áreas/materias de: obras públicas.

Concellaría delegada de Obras: D. MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ MIRÁS.

Áreas/materias de: educación, cultura, patrimonio cultural e deportes.

Concellaría delegada de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes: DNA. NOELIA FREIJEIRO NOVO.

Áreas/materias de: servizos sociais, igualdade, sanidade e olería.

Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería: DNA. MARÍA SOLEDAD BLANCO GORÍN.

Ámbito que abranguen as citadas delegacións:

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio destas delegacións.

**Terceiro:** Efectuar as seguintes delegacións especiais, respecto dos servizos que se especifican, nos Sres. Concelleiros que a continuación se sinalan:

Servizos de: promoción económica, emprego, comercio e medio rural.

Concellaría delegada de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Medio Rural:

D. LUIS MIGUEL FERNÁNDEZ GARCÍA

Servizos de: medio ambiente, mocidade e novas tecnoloxías, incluíndo este último a administración electrónica.

Concellaría delegada de Medio Ambiente, Mocidade e Novas Tecnoloxías:

D. RODRIGO MATO GARRIDO

Ámbito que abranguen as citadas delegacións:

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas a ditos servizos e comprenderán tanto as facultades de dirección interna como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local e as delegacións xenéricas efectuadas e que se podan efectuar nas distintas Concellerías.

Procurarase a máxima coordinación entre os servizos aos que se refiren as delegacións especiais conferidas e as materias e áreas e goberno obxecto das delegacións xenéricas outorgadas.

Sen prexuízo das facultades que seguen a corresponder á Alcaldía como órgano delegante a supervisión destas Concellerías corresponderá/se atribúe expresamente á Alcaldía.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio destas delegacións.

**Cuarto:** De conformidade co previsto nos arts. 44, 114 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais notificar a presente aos/as Sres./Sras. concelleiros/as nomeados/as, surtindo efectos a mesma desde o día seguinte a súa firma, previa aceptación, e con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Os nomeamentos e a delegación de atribucións requirirán, para ser eficaces, a súa aceptación por parte do/a nomeado/a e/ou delegado/a.

A referida aceptación poderá ser expresa, consignándoa así no duplicado da notificación, ou tácita se no termo de tres días hábiles non manifesta o contrario ante a Alcaldía.

**Quinto:** Proceder, de conformidade co art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).

Malpica de Bergantiños, a 5 de xullo de 2023

O alcalde,

Asdo.: Eduardo J. Parga Veiga

2023/5475



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MALPICA DE BERGANTIÑOS

##### Secretaría

*Modificación de concellaría delegada e delegación efectuada no Concelleiro, Sr. Fernández Mirás, mandato 2023-2027*

##### ANUNCIO

#### MODIFICACIÓN DE CONCELLARÍA DELEGADA E DELEGACIÓN EFECTUADA NO CONCELEIRO, SR. FERNÁNDEZ MIRÁS, MANDATO 2023-2027

En cumprimento do preceptuado polo art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 409/2023, do 6 de xullo de 2023, pola que se procede a modificar a resolución 399/2023 na que efectuaba o nomeamento e delegacións nos/dos Sres./Sras concelleiros/as delegados/as do Concello de Malpica de Bergantiños, sendo aquela do seguinte tenor literal:

##### RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN DE CONCELLARÍA DELEGADA E DELEGACIÓN EFECTUADA NO CONCELEIRO, SR. FERNÁNDEZ MIRÁS, MANDATO 2023-2027

**EXPEDIENTE:** 2023/X999/000232

Con data 04/07/2023 esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas e de conformidade co establecido nos arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o art. 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e os arts. 43, 44, 114 a 118, 120 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ditou a Resolución 399/2023 pola que se efectuou a delegación de competencias en determinadas áreas ou materias nos/nas concelleiros/as delegados/as que na mesma resolución se designaban.

Así na citada Resolución consta: ".../**Segundo:** Efectuar as seguintes delegacións xenéricas, respecto das áreas ou materias que se especifican, nos/nas Sres./Sras. Concelleiros/as, todos e todas membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se sinalan:

Áreas/materias de: obras públicas.

Concellaría delegada de Obras: D. MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ MIRÁS.

Áreas/materias de: educación, cultura, patrimonio cultural e deportes.

Concellaría delegada de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes: DNA. NOELIA FREIJEIRO NOVO.

Áreas/materias de: servizos sociais, igualdade, sanidade e olería.

Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería: DNA. MARÍA SOLEDAD BLANCO GORÍN.

Ámbito que abranguen as citadas delegacións:

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio destas delegacións".

Non obstante, era e é vontade desta alcaldía designar ao Concelleiro, Sr. Fernández Mirás, Concelleiro de Obras, Seguridade Cidadá e Tráfico e atribuírlle as correspondentes competencias.

Polo tanto, pola presente, de conformidade e en uso das atribucións que me confiren os arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o art. 59 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración

Local de Galicia e os arts. 43, 44, 114 a 118, 120 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

**Primeiro:** Modificar nos termos que figurarán a continuación a Resolución da Alcaldía 399/2023, do 04/07/2023, no que atinxe ao Concelleiro membro da Xunta de Goberno Local, Sr. Fernández Mirás, efectuando, en consecuencia, no mesmo a seguinte delegación xenérica, respecto as áreas ou materias que se especifican a continuación:

Áreas/materias de: obras públicas, seguridade cidadá e tráfico.

Concellaría delegada de Obras, Seguridade Cidadá e Tráfico: D. MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ MIRÁS.

Ámbito que abrangue a delegación:

Concreción das areas/materias de seguridade cidadá e tráfico, estas comprenden: coordinación da policía local, tráfico e seguridade vial, protección civil e socorrismo nas praias.

A citada delegación abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio destas delegacións.

**Segundo:** De conformidade co previsto nos arts. 44, 114 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais notificar a presente ao Sr. Concelleiro nomeado surtindo efectos a mesma desde o día seguinte a súa firma, previa aceptación, e con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O nomeamento e a delegación de atribucións requirirán, para ser eficaces, a súa aceptación por parte do nomeado e/ou delegado.

A referida aceptación poderá ser expresa, consignándoa así no duplicado da notificación, ou tácita se no termo de tres días hábiles non manifesta o contrario ante a Alcaldía.

**Terceiro:** Proceder, de conformidade co art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).

Malpica de Bergantiños, a 6 de xullo de 2023

O alcalde,

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga

2023/5566

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MALPICA DE BERGANTIÑOS

##### Secretaría

*Cese do concelleiro, sr. Cañizo Garrido, como membro da xunta de goberno local e, en consecuencia, perda da condición de primeiro tenente de alcalde e da condición de concelleiro delegado de servizos, turismo e festexos*

##### ANUNCIO

En cumprimento do preceptuado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 415/2024, do 19 de agosto de 2024, pola que se cesa ao concelleiro. Sr. Cañizo Garrido, como membro da Xunta de Goberno Local perdendo, en consecuencia, a condición de Primeiro Tenente de Alcalde e a condición de Concelleiro Delegado de Servizos, Turismo e Festexos, sendo esta do seguinte tenor literal:

##### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CESE DO CONCELEIRO, SR. CAÑIZO GARRIDO, COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E, EN CONSECUCIÓN, PERDA DA CONDICIÓ DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE E DA CONDICIÓ DE CONCELEIRO DELEGADO DE SERVIZOS, TURISMO E FESTEXOS

**EXPEDIENTE:** 2024/X999/000242

Considerando que pola Resolución da Alcaldía 398/2023, do 03/07/2023, o concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, foi nomeado membro da Xunta de Goberno Local e Primeiro Tenente de Alcalde.

Considerando que pola Resolución da Alcaldía 399/2023, do 04/07/2023, efectuouse delegación xenérica, respecto das áreas ou materias servizos, turismo e festexos, no concelleiro membro da Xunta de Goberno Local, Sr. Cañizo Garrido, Concellaría delegada de Servizos, Turismo e Festexos.

Considerando que de conformidade coa normativa de réxime local corresponde á Alcaldía nomear e separar libremente, dando conta ao pleno, aos membros da Xunta de Goberno Local e aos Tenentes de Alcalde, e que ademais estes últimos perden dita condición pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, así os arts. 46 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Considerando que de conformidade coa normativa de réxime local pérdese a condición de Concelleiro-Delegado por revogación da delegación, adoptada polo Alcaldía ou pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, así o art. 120 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Vistos, pois, os antecedentes expostos, de conformidade e en uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, o art. 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os artigos antes citados do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e os correspondentes de desenvolvemento das referidas leis,

##### RESOLVO:

**Primeiro:** Cesar como membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños ao Concelleiro, D. Alfredo Cañizo Garrido, perdendo, en consecuencia e tras dito cese, a condición de Primeiro Tenente de Alcalde e a condición de Concelleiro delegado Servizos, Turismo e Festexos.

**Segundo:** Notificar a presente resolución ao citado concelleiro, Sr. Cañizo Garrido.

**Terceiro:** Proceder, de conformidade co preceptuado polo RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)”.  
-----

En Malpica de Bergantiños, a 20 de agosto de 2024.

O alcalde,

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MALPICA DE BERGANTIÑOS

##### Secretaría

*Modificación das resolucións da alcaldía núm. 399/2023 e núm. 409/2023, relativas ás concellarías delegadas e nomeamento de concelleiros/as delegados/as, mandato 2023-2027*

##### ANUNCIO

#### **MODIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA núm. 399/2023 E NÚM. 409/2023, RELATIVAS ÁS CONCELLARÍAS DELEGADAS E NOMEAMENTO DE CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, MANDATO 2023-2027.**

En cumprimento do preceptuado polo art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 491/2024, do 30 de setembro de 2024, pola que se procede á modificación das Resolucións da Alcaldía núm. 399/2023 e núm. 409/2023, relativas ás concellarías delegadas e nomeamento de concelleiros/as delegados/as, sendo esta do seguinte tenor literal:

##### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** MODIFICACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA núm. 399/2023 E NÚM. 409/2023, RELATIVAS ÁS CONCELLARÍAS DELEGADAS E NOMEAMENTO DE CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, MANDATO 2023-2027.

**EXPEDIENTE:** 2024/X999/000271

Vistos os arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os arts. 59 e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os arts. 43, 44, 114 a 118, 120 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

##### RESOLVO:

**Primeiro:** Modificar, en relación ás delegacións xenéricas, a Resolución da Alcaldía núm. 399/2023, do 04/07/2023, e a Resolución da Alcaldía núm. 409/2023, do 06/07/2023, nos termos que se dirá a continuación, efectuando/outorgando as seguintes delegacións xenéricas, respecto das áreas ou materias que se especifican, nos/nas Sres./Sras. Concelleiros/as, todos e todas membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se sinalan:

Áreas/materias de: servizos e obras públicas

Concellaría delegada de Servizo e Obras: D. MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ MIRÁS.

Concreción da área/materia de servizos, esta comprende: alumeadado público, recollida de residuos e tratamento, limpeza viaria, rede de sumidoiros, parques públicos, acceso a núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Área /materia: turismo.

Concellaría delegada de Turismo: D<sup>a</sup> NOELIA FREIJEIRO NOVO.

Concreción da área/materia: esta inclúe as festas declaradas de interese turístico, Mostra de Olería e Romaría de Santo Hadrián.

Áreas/materias de: seguridade cidadá e tráfico.

Concellaría delegada de Seguridade Cidadá e Tráfico: D. RODRIGO MATO GARRIDO.

Concreción das áreas/materias, estas comprenden: coordinación da policía local, tráfico e seguridade vial, protección civil e socorrismo nas praias.

Áreas/materias de: medio ambiente, mocidade e novas tecnoloxías

Concellaría delegada de Medio Ambiente, Mocidade e Novas Tecnoloxías: D. RODRIGO MATO GARRIDO.

Concreción da área/materia de novas tecnoloxías: esta inclúe administración electrónica e ciberseguridade.

Ámbito que abranguen as citadas delegacións:

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio destas delegacións.

Manifestar/determinar/establecer expresamente que permanecen inalteradas as seguintes delegacións xenéricas outorgadas pola Resolución da Alcaldía núm. 399/2023, do 04/07/2023 e os correspondentes nomeamentos das Sras. Concelleiras:

Áreas/materias de: educación, cultura, patrimonio cultural e deportes.

Concellaría delegada de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes: D<sup>a</sup>. NOELIA FREIJEIRO NOVO.

Áreas/materias de: servizos sociais, igualdade, sanidade e olería.

Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería: D<sup>a</sup>. MARÍA SOLEDAD BLANCO GORÍN.

Manifestar/determinar/establecer expresamente que están/quedan revogadas as seguintes delegacións xenéricas outorgadas pola Resolución da Alcaldía núm. 399/2023, do 04/07/2023, e pola Resolución da Alcaldía núm. 409/2023, do 06/07/2023:

Áreas/materias de: servizos, turismo e festexos.

Concellaría delegada de Servizos, Turismo e Festexos.

Áreas/materias de: obras públicas, seguridade cidadá e tráfico.

Concellaría delegada de Obras, Seguridade Cidadá e Tráfico.

En consecuencia, manifestar/determinar expresamente que quedan establecidas/efectuadas/outorgadas as seguintes delegacións xenéricas, respecto das áreas ou materias que se especifican, nos/nas Sres./Sras. Concelleiros/as, todos e todas membros da Xunta de Goberno Local, que a continuación se sinalan:

Áreas/materias de: servizos e obras públicas

Concellaría delegada de Servizo e Obras: D. MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ MIRÁS.

Concreción da área/materia de servizos, esta comprende: alumeadado público, recollida de residuos e tratamento, limpeza viaria, rede de sumidoiros, parques públicos, acceso a núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Área /materia: turismo.

Concellaría delegada de Turismo: D<sup>a</sup> NOELIA FREIJEIRO NOVO.

Concreción da área/materia: esta inclúe as festas declaradas de interese turístico, Mostra de Olería e Romaría de Santo Hadrián.

Áreas/materias de: seguridade cidadá e tráfico.

Concellaría delegada de Seguridade Cidadá e Tráfico: D. RODRIGO MATO GARRIDO.

Concreción das áreas/materias, estas comprenden: coordinación da policía local, tráfico e seguridade vial, protección civil e socorrismo nas praias.

Áreas/materias de: medio ambiente, mocidade e novas tecnoloxías

Concellaría delegada de Medio Ambiente, Mocidade e Novas Tecnoloxías: D. RODRIGO MATO GARRIDO.

Concreción da área/materia de novas tecnoloxías: esta inclúe administración electrónica e ciberseguridade.

Áreas/materias de: educación, cultura, patrimonio cultural e deportes.

Concellaría delegada de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes: D<sup>a</sup>. NOELIA FREIJEIRO NOVO.

Áreas/materias de: servizos sociais, igualdade, sanidade e olería.

Concellaría delegada de Servizos Sociais, Igualdade, Sanidade e Olería: D<sup>a</sup>. MARÍA SOLEDAD BLANCO GORÍN.

Ámbito que abranguen as citadas delegacións:

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas ás áreas ou materias correspondentes e comprenderán tanto as facultades de dirección como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos



vos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio destas delegacións.

**Segundo:** Revogar as delegacións especiais outorgadas pola Resolución da Alcaldía núm. 399/2023, do 04/07/2023, e efectuar as seguintes delegacións especiais, respecto dos servizos/asuntos que se especifican a continuación, no Concelleiro, Sr. Fernández García.

Servizos/asuntos: promoción económica, emprego, mar, comercio e medio rural.

Concellaría delegada de Promoción Económica, Emprego, Mar Comercio e Medio Rural: D. LUIS MIGUEL FERNÁNDEZ GARCÍA.

Asunto: festas.

Concellaría delegada de Festas: D. LUIS MIGUEL FERNÁNDEZ GARCÍA.

Concreción do asunto: verbenas e festas populares, incluíndo tanto os eventos organizados polo concello como os organizados por terceiros, quedan excluídas as festas declaradas de interese turístico, Mostra de Olería e Romaría de Santo Hadrián.

Ámbito que abranguen as citadas delegacións:

As ditas delegacións abarcarán o exercicio de tódalas atribucións delegables da Alcaldía relativas a ditos servizos e comprenderán tanto as facultades de dirección interna como as de xestión, agás a de emitir actos administrativos que afecten a terceiros, e se entenden feitas sen prexuízo das delegacións efectuadas ou que se podan efectuar pola alcaldía na Xunta de Goberno Local e as delegacións xenéricas efectuadas e que se podan efectuar nas distintas Concellerías.

Procurarase a máxima coordinación entre os servizos aos que se refiren as delegacións especiais conferidas e as materias e áreas e goberno obxecto das delegacións xenéricas outorgadas.

Sen prexuízo das facultades que seguen a corresponder á Alcaldía como órgano delegante a supervisión destas Concellerías corresponderá/se atribúe expresamente á Alcaldía.

Corresponderá á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se susciten en relación coa aplicación/exercicio destas delegacións.

**Terceiro:** De conformidade co previsto nos arts. 44, 114 e 121 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais notificar a presente aos/as Sres./Sras. concelleiros/as nomeados/as (todos/as os/as citados/as salvo a Sra. Blanco Gorín e a Sra. Freijeiro Novo, esta última respecto á Concellaría delegada de Educación, Cultura, Patrimonio e Deportes), surtindo efectos a mesma desde o día seguinte a súa firma, previa aceptación, e con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O nomeamento e a delegación de atribucións requirirán, para ser eficaces, a súa aceptación por parte do/a concelleiro/a nomeado/a e/ou delegado/a.

A referida aceptación poderá ser expresa, consignándoa así no duplicado da notificación, ou tácita se no termo de tres días hábiles non manifesta o contrario ante a Alcaldía.

**Cuarto:** Proceder, de conformidade co art. 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, M<sup>a</sup> Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

En Malpica de Bergantiños, 03/10/2024

O Alcalde.

Eduardo J. Parga Veiga

2024/6965